

CERTAME DE POESÍA INFANTIL “NADAL 2021”

- Convocatoria provincial -

A BIBLIOTECA PÚBLICA DE LUGO, co patrocinio da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, convoca o **CERTAME DE POESÍA INFANTIL “NADAL 2021”**, de acordo coas seguintes **BASES**:

1. – Neste Certame participarán tódolos traballos seleccionados polas bibliotecas públicas municipais da provincia de Lugo na fase local desta convocatoria, así como os seleccionados na fase local convocados por esta Biblioteca Pública.

2. – As categorías nas que os concursantes participan son:
 - A.- ata 8 anos
 - B.- de 9 a 11 anos
 - C.- de 12 a 16 anos

3. – Os traballos remitidos polas bibliotecas públicas municipais deberán ser recibidos na biblioteca provincial **antes do 22 de xaneiro de 2022**. O fallo provincial farase público **antes do 26 de febreiro de 2022**.

4. – O xurado provincial adxudicará por cada modalidade e categoría un total de tres premios, dotados cada un deles con **ESTATUÍÑA DE SARGADELOS E LOTE DE LIBROS**.

5. – Editarase unha publicación cos traballos premiados na fase provincial deste Certame.

CERTAME DE POESÍA INFANTIL “NADAL 2021”

- Convocatoria Local -

A BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DE....., convoca o **CERTAME DE POESÍA INFANTIL “NADAL 2021” (Fase local)**, de acordo coas seguintes

BASES:

- 1.- Poden participar tódolos nenos, con poemas cuxa temática sexa **“O NADAL”**.
- 2.- Establécense tres categorías : A, ata 8 anos, B, de 9 a 11 anos , e C, de 12 a 16 anos.
- 3.- Cada autor/a poderá presentar cantos traballos desexe. Os poemas estarán redactados en galego cunha extensión máxima dun folio por unha soa cara, e poderán presentarse mecanografados, escritos a computador ou a man; neste último caso sempre a bolígrafo e nunca a lapis. Con cada traballo, acompañarase unha folla co nome e demais datos do autor/a.
- 4.- O prazo de presentación dos poemas rematará o **23 de decembro de 2021**, debendo ser entregados polos seus autores/as na BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL.
- 5.- Un xurado, formado por entendidos na materia, seleccionará por cada modalidade e categoría un máximo de tres traballos. Os autores/as seleccionados recibirán cadanseu diploma e libros.
6. -Os traballos premiados nesta fase local, participarán na fase provincial do Certame, convocado pola Biblioteca Pública de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.
- 7.- O fallo do xurado local farase público **na primeira quincena de xaneiro do 2022**.
- 8.- Os traballos premiados pasarán a ser propiedade da Biblioteca Pública de Lugo que se reserva o dereito de publicación dos mesmos.
- 9.- Todas as incidencias non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado.
- 10.- A presentación das obras a este certame supoñen a aceptación das presentes bases.

FOLLA DE DATOS PERSONAIS DOS PARTICIPANTES

Nome e apelidos

Idade.....

Enderezo.....

.....

Teléfono.....

Curso.....Colexio.....

.....

Biblioteca Pública Municipal de